

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 4 DE  
NOVEMBRO DE 2013**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día catro de novembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 21 e 28 de outubro de 2013**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 21 e 28 de outubro de de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

**2º.- Correspondencia**

- Anuncio da Consellería de Traballo e Benestar, respecto do calendario laboral para o ano 2014 na provincia da Coruña, no que consta o Concello de Cambre, cos festivos locais de 4 de marzo, martes de entroido e 24 de xuño, festas de San Xoán. (Boletín Oficial da Provincia número 207, do día 30 de outubro de 2013).

- Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras. (Boletín Oficial do Estado número 260, do día 30 de outubro de 2013).

- Anuncio da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014. (Boletín Oficial da Provincia número 206, do día 29 de outubro de

2013, constando na base quinta que as solicitudes se presentarán de xeito telemático. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 4 de novembro de 2013 e rematará ás 14.00 horas do día 27 de decembro de 2013.

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que este fin de semana tivo lugar a cambreRED cunha asistencia de 120 participantes.

A continuación, tamén informa que a semana pasada se reuniu cos responsables de transporte dos Concellos de Sada, Oleiros e Arteixo co fin de estudar a posibilidade de consensuar unhas tarifas unificadas para os servizos de auto-taxi da área metropolitana. Engade que o Concello de Culleredo non asistiu á citada reunión.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se celebrou con normalidade a feira do día 2. Engade que dende primeira hora os técnicos de promoción económica estiveron a organizar os postos e se detectou algún problema técnico de pouca importancia, que se solucionará na vindeira feira.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz dá conta do escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistrado de entrada con data do día 30 de outubro de 2013 co número 14.735, ao que achega un exemplar do proxecto de trazado da obra "Actuacións no ámbito metropolitano da Coruña: conexión DP-1706-AP-9 na Barcala, e San Pedro de Nos-AP-9" para os efectos de sometelo ao trámite de información pública e informe das administracións públicas. Engade que o concello dispón do prazo de trinta días hábiles para examinar o trazado proposto. No suposto de non emitir informe, entenderase que dá a conformidade ao proxecto. Igualmente, o citado documento expónse ao público no concello por trinta días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia para a admisión de alegacións. Así mesmo, e para os efectos establecidos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados para que no mesmo prazo, se poidan presentar as alegacións e as rectificacións polos afectados.





#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que comezaron as obras do saneamento do Espírito Santo. Igualmente, prevéase que esta semana comecen as obras na rúa Constitución. Engade que se presentou en contratación esta mañá o plan de seguridade e saúde, e urxe para comezar a obra. Di que mentres duren as obras, se vai cortar a rúa Constitución e se cambiará a dirección da rúa Profesor Monasterio. Manifesta que nesta rúa está amañado xa o tema dos aparcamentos.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que urxe a retención de crédito dos dous camiños de Lema e Cela, se non haberá que solicitar unha prórroga. Así mesmo, manifesta que urxe licitar a iluminación de nadal.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres día 8, ás 19,00 horas e no centro sociocultural do Graxal, no Temple, haberá teatro infantil coa representación da obra "Contos da vía láctea", da compañía Tusitala.

Igualmente, o venres día 8, ás 20,00 horas, terá lugar a inauguración da exposición Dorda titulada "habitación branda", na casa da cultura Vila Concepción.

A continuación, tamén informa que o sábado día 9, ás 9,00 terá lugar a saída a Guitiriz, para a recollida de cogomelos dentro das xornadas micolóxicas.

A seguir informa que o vindeiro sábado día 9, a partir das 13,00 horas, se reunirán os membros do xurado do certame de pintura que son os seguintes: dona Cristina Trigo, responsable de actividades do Centro Galego de Arte Contemporáneo; don Manuel Quintana Martelo, artista plástico de Santiago; don Ramón Conde, artista plástico de Ourense; don Marcial Ortiz, pintor e dona Miriam López, galerista e pintora.

Tamén informa que o sábado, día 9, ás 20,30 horas, no centro sociocultural do Graxal, terá lugar a representación da obra "No hay ladrón que por bien no venga" a cargo da compañía A fiestra teatro.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que se convocou esta semana o segundo certame "narración breve navideña".

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o mércores día 6 recibirán unha visita correspondente a un intercambio con outros países do IES de Sigrás, composta por 5

alumnos e 1 profesor de Inglaterra; 2 profesores de Rumania; 3 profesores e 6 alumnos de Turquía; 2 profesores e 5 alumnos de Portugal; e 2 profesores e 6 alumnos de Holanda. Engade que con eles participan 21 alumnos españois e 2 profesores.

A seguir informa que esta semana comeza o programa de sensibilización para a prevención da violencia de xénero nos colexios de Cambre. Este ano o programa titúlase "Reciclar o xénero".

Para rematar a súa intervención, dona Maria Jesús González Roel informa que esta semana chamaron da Cruz Vermella para comunicar que hai que recoller 4.000 quilos de alimentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Maria Luisa de la Red Ampudia